

ANEXO III

**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA
DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTES
PROBAS CONSELLEIRO DE SEGURIDADE**

A.- DATOS SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE TAXAS DEREITO DE EXAME

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		
DOMICILIO				
RÚA				NÚMERO
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	NÚMERO DO DNI	TELÉFONO

SOLICITO:

A devolución dos dereitos de exame

B.- DATOS DA ENTIDADE BANCARIA

ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	NÚMERO DE CONTA
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

_____, ____ de _____ de 200__
(Data e sinatura do solicitante)

Director xeral de Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 15 de marzo de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos.

Subscrito o día 21 de febreiro de 2005 o Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos, procede a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do citado protocolo, que figura como anexo desta resolución.

O que se fai público para os efectos oportunos.
Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2005.

Néstor Valcarcel Teijeiro
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos

Reunidos

Dunha parte Celso Currás Fernández, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en virtude da competencia atribuída polo artigo 34.1º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro de 1983, da Xunta e do seu presidente.

Doutra parte Senén Barro Ameneiro, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude da competencia atribuída no artigo 87 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

José María Barja Pérez, reitor magnífico da Universidade da Coruña, en virtude da competencia atribuída polo artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña.

E Domingo Docampo Amoedo, reitor magnífico da Universidade de Vigo, en virtude das facultades que

Ile confire o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Todas as partes se recoñecen capacidade xurídica para actuar no presente acto,

DECLARAN:

Un dos obxectivos das institucións asinantes deste protocolo é acadar unha uniformidade na información subministrada nos expedientes académicos do alumnado que conforma o Sistema Universitario de Galicia e na valoración destes, de tal xeito que, independentemente da institución encargada da valoración, o resultado sempre sexa o mesmo.

Con tal motivo, as institucións asinantes adoptarán todas as medidas internas necesarias para facer efectivo o cumprimento deste documento.

Por outra banda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, está levando adiante unha política de bolsas e de axudas aos estudantes das universidades do Sistema Universitario de Galicia que se concreta en diversas accións, co obxecto de favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Para a selección de beneficiarios destas accións, a consellería establece con carácter xeral nas súas convocatorias que a certificación académica sexa valorada de acordo coa fórmula que figura na propia convocatoria.

A complexidade dos expedientes académicos fai necesario que as universidades do Sistema Universitario de Galicia adopten un criterio homoxéneo para as valoracións dos expedientes académicos e o cálculo da nota media, criterio homoxéneo que será aplicable a todos os procedementos que as institucións asinantes deste protocolo convoquen, así como a todas as convocatorias que a consellería publique, e que pretende facerse extensivo a todas as convocatorias que convoque a Xunta de Galicia e outros organismos da Comunidade Autónoma Galega non asinantes deste acordo, coa excepción daquelas que veñan condicionadas por normativa allea aos asinantes.

ACORDAN:

Primeiro.-A nota media do expediente académico dos/as alumnos/as do Sistema Universitario de Galicia calcularase de acordo cos parámetros reflectidos neste protocolo.

Só se poderá calcular o expediente doutro xeito cando este sexa requirido por normas ou convocatorias alleas ás institucións asinantes.

Segundo.-Os expedientes dos/as alumnos/as das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia valoraranse do seguinte xeito:

1. Para a valoración da nota media do expediente académico teranse en conta a seguintes regras:

1.1. Calcularase de acordo co seguinte baremo:

Matrícula de honra: 4 puntos.

Sobresaliente: 3 puntos.

Notable: 2 puntos.

Aprobado: 1 punto.

Suspense: 0 puntos.

No caso de expedientes con cualificacións non numéricas ou numéricas establecidas no rango 0-10, estas cualificacións trasladaranse ao baremo anterior segundo o seguinte criterio de conversión:

Cualificación < 4,9: suspense: 0 puntos.

Cualificación entre 5,0 e 6,9: aprobado: 1 punto.

Cualificación entre 7,0 e 8,9: notable: 2 puntos.

Cualificación entre 9,0 e 10,0: sobresaliente: 3 puntos.

Cualificación entre 9,0 e 10,0 e consignación de matrícula de honra: 4 puntos.

1.2. Entenderase por:

Convocatorias efectivamente consumidas: aquelas convocatorias realmente empregadas e cualificadas con suspense, aprobado, notable, sobresaliente, matrícula de honra ou os seus equivalentes numéricos.

Nas materias validadas ou adaptadas tomarase como unha convocatoria efectivamente consumida.

Convocatorias totais: total de convocatorias ás que tivese dereito o/a alumno/a, é dicir, tanto as efectivamente consumidas coma aquelas que consten no seu expediente como non presentado, renuncia ou pendente de cualificar.

1.3. Nas universidades do Sistema Universitario de Galicia calcularanse tres tipos de medias (definidas segundo o disposto no punto seguinte), que se denominarán como:

-Nota media MEC (establecida polo MEC para os efectos da obtención de bolsas e calculada segundo estableza a devandita institución).

-Nota media simple: nos expedientes académicos do alumnado do Sistema Universitario de Galicia figurará a nota media simple, considerando exclusivamente as convocatorias efectivamente consumidas.

-Nota media global: nota media obtida considerando as convocatorias totais.

Nos expedientes académicos do alumnado do SUG figurará a nota media simple. Por petición do/a interesado/a, ou para os efectos de convocatorias do MEC ou doutras convocatorias poderanse certificar calquera das outras dúas medias.

Nos procesos de concorrencia competitiva convocados polas partes asinantes será prioritario o uso da nota media simple. A nota media global só se utilizará con carácter excepcional.

2. O cálculo das notas medias do expediente académico realizarase do seguinte xeito:

a) Estudos non organizados por créditos:

Multiplicaranse as cualificacións de cada materia, establecidas segundo o disposto no punto 1 anterior, por 2 se se trata de materias anuais ou do proxecto fin de carreira, e por 1 se se trata de materias cuatrimestrais. Deseguido, a suma de todos eses produtos dividirase entre a suma dos produtos do número de convocatorias de cada materia por 2 se se trata de materias anuais ou, de ser o caso, do proxecto fin de carreira, e por 1 se se trata de materias cuatrimestrais.

A cifra resultante desta división será a media do/a alumno/a.

b) Plans de estudos estruturados por créditos:

Media= $(N1.P1 + N2.P2 + \dots) / (C1.N1 + C2.N2 + \dots)$.

Onde:

N1= número de créditos de cada materia.

P1= puntuación de cada materia.

C1= número de convocatorias en cada materia.

3. Non se terán en conta, para o cálculo da nota media, as materias ou créditos que segundo os plans de estudos só se poidan cualificar como apto, nin o recoñecemento de créditos en que non figure cualificación. Si se terán en conta para os efectos de determinar os créditos necesarios para obter a titulación.

4. Os complementos de formación computaranse do mesmo xeito ca as restantes materias.

5. As materias ou créditos compensadas/os segundo a normativa propia de cada universidade tomarán o valor que estableza cada universidade.

6. As materias ou créditos validados nos que non se especifique a cualificación obtida tomarán o valor numérico 1.

7. Os proxectos de fin de carreira nos plans estruturados en créditos computarán polo número de créditos que teñan asignados no plan de estudos. Se son plans non estruturados en créditos terán a consideración de materia anual.

8. As materias ou créditos que se terán en conta para o cálculo das notas medias serán as/os seguintes:

a) Alumnos/as que non completaron os estudos: créditos totais cursados, superados ou non superados, adaptados ou validados da titulación. Non se computarán as materias das que estean matriculados e pendentes de cualificación ou recoñecemento de estudos.

b) Alumnos/as que completaron os estudos: todas as materias necesarias para obter a titulación. En todo caso, as materias cursadas unha vez efectuado o depósito para a expedición do título non se computarán para estes efectos.

Neste caso, de teren superados máis créditos optativos ou de libre elección dos necesarios para com-

pletar os estudos farase unha prelación destes créditos de maior a menor cualificación e desprezándose destes últimos as materias que excedan das necesarias para obter a titulación.

9. Cando se proceda á adaptación íntegra dun primeiro ciclo por telo superado noutro plan de estudos (das universidades do SUG ou doutra universidade), procederase ao cálculo da nota media dese primeiro ciclo de acordo co seu expediente, e a nota media do segundo ciclo obterase conforme aos criterios establecidos neste acordo.

Para obter a media total do expediente farase a media ponderada entre o primeiro e o segundo ciclo, utilizando como coeficiente de ponderación os créditos cursados en cada ciclo.

Se o primeiro ciclo foi cursado nun plan non estruturado en créditos establécese como coeficiente de ponderación 180 créditos.

10. As notas medias calcularanse cunha aproximación de catro decimais.

11. Non será posible en ningún caso tomar como nota media de gradación a cualificación obtida no proxecto fin de carreira.

Terceiro.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo comprométese a cumprir o presente protocolo adoptando para iso todas as medidas necesarias para a súa aplicación, e mais a establecer mecanismos de coordinación e información recíproca de datos, sempre que exista consentimento dos afectados.

Cuarto.-As partes asinantes do presente protocolo acordan constituír unha comisión de seguimento e interpretación do presente acordo formada por dúas persoas de cada parte. Esta comisión deberá adoptar criterios comúns ante calquera dúbida de interpretación, por petición de calquera das partes asinantes.

Quinto.-As partes asinantes do presente protocolo comprométese a comezar os traballos para a definición dun sistema que permita determinar as notas medias da titulación e a posición que ocupa o alumno nela.

Sexto.-Este protocolo, desde a súa sinatura, terá unha vixencia indefinida a non ser que se denuncie por escrito, cunha antelación de dous meses, por algunha das partes asinantes.

Sétimo.-En caso de controversia procurarase o diálogo entre as partes asinantes no seo da comisión de seguimento e, en último caso, acudirase á xurisdición contencioso-administrativa.

O que en proba de conformidade asinan en Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández
Conseilleiro de Educación
e Ordenación Universitaria

Senén Barro Ameneiro
Reitor da Universidade
de Santiago de Compostela

José María Barja Pérez
Reitor da Universidade
da Coruña

Domingo Docampo Amoedo
Reitor da Universidade
de Vigo

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 24 de febreiro de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector do comercio de alimentación.

Visto o expediente do convenio colectivo do sector do comercio de alimentación (código convenio 1500295), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 29-12-2004, completado o día 22-2-2005 e subscrito pola parte económica por ASAC e pola parte social por USO e FETICO os días 17-12-2004 e 21-2-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa incrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 24 de febreiro de 2005.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo do comercio da alimentación da Coruña

Artigo 1º.-Ámbito.

a) Territorial: este convenio colectivo é de aplicación en toda a provincia da Coruña.

b) Funcional: este convenio colectivo é de aplicación en todas as empresas dedicadas ao comercio de alimentación, como son as empresas encadradas nas agrupacións de almacenistas de alimentación; retallistas de ultramarinos e similares (ultramarinos, comestibles, chacinerías, friamariñas e xamonariñas); supermercados e autoservizos; cooperativas de consumo e economatos laborais; así como as empresas pertencentes ás agrupacións de caramelos e chocolates, torrefactores de café e, en xeral, para todo o comercio retallista que en razón da verdadeira actividade que desenvolve debe figurar encadrado neste convenio colectivo.

c) Persoal: este convenio colectivo afecta a todos os traballadores das empresas incluídas no ámbito funcional.

Artigo 2º.-Vixencia.

A duración deste convenio será desde o 1 de xaneiro de 2002 ata o 31 de decembro de 2005.

Artigo 3º.-Denuncia e os seus efectos.

A denuncia do convenio entenderase validamente efectuada por calquera das partes sempre que medie comunicación por escrito á outra parte antes do último mes de vixencia ordinaria do convenio.

Producida a denuncia do convenio, nos termos establecidos no parágrafo primeiro, as partes comprométese a constituír a comisión negociadora na segunda quincena do mes de xaneiro, e a iniciar a negociación efectiva na primeira quincena do mes de febreiro inmediatamente seguintes.

Artigo 4º.-Organización do traballo.

A ordenación do traballo é facultade do empresario, ou persoa en quen este delegue, que debe exercerse con suxeición ao establecido neste convenio e demais normas aplicables.

O traballador está obrigado a cumprir as ordes e instrucións do empresario no exercicio regular das súas facultades directivas, debendo executar cantos traballos, operacións ou actividades se lle ordenen dentro do xeral cometido da súa categoría profesional.

A dirección da empresa informará os representantes dos traballadores dos sistemas de racionalización, automatización e modernización que xulgue necesarios, así como os métodos que poidan conducir a un progreso técnico e económico da empresa, sen prexuízo da formación profesional que todos os empregados teñen o deber e o dereito de completar mediante a aprendizaxe teórica e práctica e o estudo persoal.

Artigo 5º.-Clasificación do persoal.

O persoal ao servizo das empresas afectadas por este convenio colectivo queda encadrado nalgúns dos seguintes grupos profesionais en función das súas titulacións académicas, aptitudes profesionais e contido xeral da prestación laboral requirida.

As definicións contidas para cada grupo profesional non son exhaustivas senón simplemente enunciativas.

Grupo I. Están comprendidos neste grupo aqueles traballadores que coordinan, dirixen, establecen e crean políticas xerais, prácticas normativas e procedementos amplos, con alto grao de autonomía a partir de directrices xerais.

Exercen a supervisión a través de mandos intermedios, co fin de conseguir os obxectivos operacionais marcados.

Grupo II. Están comprendidos neste grupo aqueles traballadores cuxa actividade se desenvolve baixo